

1 **TESE ORGANIZATIVA DITAMINADA (CN 11-05-2013)**

2

3

4 Reunida a Coordinadora Nacional o pasado día 11-05 acordou aprobar o ditame ás emendas feito
5 pola Permanente e que se envía con esta proposta de tese organizativa resultante de incorporar
6 as emendas aceptadas ou as transaccións propostas.

7 Lémbrese que as persoas ou grupos emendantes dispoñen de prazo até o 20 de maio para
8 comunicar se for o caso, que manteñen a emenda/as.

9 A comunicación farase exclusivamente **ao enderezo de e-mail < assemblea@anova-galiza.org >**,
10 **antes das 24:00 horas do luns día 20** de maio.

11

12

13

14 **TESE ORGANIZATIVA**

15 ANOVA é froito dun proceso intenso de creación de abaixo cara arriba dunha organización política
16 de novo tipo; o propio proceso de constitución de Asembleas Nacionalistas na primavera pasada
17 que confluíron para celebrar unha asemblea constituínte desta organización asemblearia,
18 horizontal, aberta ao pluralismo existente no nacionalismo de esquerda e ao servizo da maioría
19 social, é indicativo da vontade política e do esforzo militante dos centos de persoas que
20 participamos nel.

21 As definicións básicas, os principios políticos, os principio organizativos e máis algunhas
22 estratexias vitais foron definidas con precisión na ANC do 14 de Xullo de 2012.

23 Hoxe, tras dun proceso de maduración, de práctica política e aprendizaxe urxente e acelerado,
24 vemos a necesidade de novas concrecións, actualización de estratexias e medidas de reforzo
25 organizativo que fan que encaremos esta 1ª Asemblea Ordinaria de ANOVA coa ilusión de termos
26 completado un primeiro ciclo inicial, frutífero e que ten rebordado en moitos aspectos moitas das
27 máis ambiciosas expectativas aló polo mes de xullo pasado.

28 *Somos conscientes do esforzo realizado nesta confluencia, do aporte plural e diverso realizado, e*
29 *a aparición por decantación dun novo xeito de participar colectivamente, no horizonte dunha única*
30 *militancia integradora a partires da non necesidade asumida libre e voluntariamente por todas as*
31 *persoas que somos ANOVA.*

32 *Nese horizonte estratéxico esencial, todas as formas de participación promoverán a participación*
33 *individual, facendo innecesaria a pulsión de pertenza ou conformación de colectivos que no sexan*
34 *a propia ANOVA.*

35 *Os métodos de designación de persoas para cometidos no seo da organización ou para o*
36 *desempeño da cargos públicos estarán baseados no principio democrático do sufraxio universal*
37 *do ámbito que se trate -nacional ou local-, no que todas as persoas poidan decidir sobre todas as*
38 *persoas postuladas e que os votos de todas vallan igual.*

39 *Tamén, é preciso priorizar a formación da afiliación, a adquisición dunha linguaxe común para non*
40 *caer nas prácticas da vella política que reproduce no seu interior a división do traballo entre os*
41 *que saben, deciden e mandan e os que non saben, obedecen e traballan.*

42 *Mais se aspiramos a ser unha organización política para a maioría social e integrar un continxente*
43 *cada vez máis numeroso de cidadáns e cidadás temos que poñer igual interese en vacinar Anova*
44 *contra a cultura da aristocracia da militancia. Se falamos de traballo voluntario como soporte*
45 *fundamental da capacidade de Anova todas as achegas son valiosas independentemente do que*
46 *cada quen poida aportar.*

47

48 **PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS**

49

50 **PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS**

- 51 1. Asembleas soberanas no seu ámbito local e que se confederan con vocación de permanencia
52 para ser un actor político nacional.
- 53 2. Asemblearismo entendido como a participación directa e indelegábel (collen aquí formas de
54 referendo mediante as TIC para consultas), nas grandes decisións e na elección dos órganos
55 de coordinación e/ou executivos nacionais así como eventuais candidaturas.
- 56 3. Aceptación dun código ético partillado.
- 57 4. Os órganos nacionais estarán sometidos a revogabilidade e a elección, que se tentará facer
58 en primeira instancia por consenso, será aberta á presentación de calquera militante e cun
59 sistema proporcional puro ou mediante listas abertas.
- 60 5. Os órganos de dirección, coordinación, executivos ou de control en calquera ámbito terán
61 unha representación de mulleres e homes o máis paritaria posible, nunca nunha proporción
62 inferior ao 40% para ningún deles. ANOVA adoptará as medidas correctoras precisas para
63 garantir esta tendencia á paridade.
- 64 6. Estas decisións fundacionais, PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS, só poderán ser
65 modificadas en Asemblea Nacional e por unha maioría cualificada de 2/3 como garantía de
66 que os piares de ANOVA responden a un amplo consenso de toda a súa militancia.

67

68

69 **ESTATUTOS**

70 **TÍTULO PRELIMINAR**

71 A organización denominase Anova – Irmandade Nacionalista

72

73 **1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES**

74 **Artigo 1.-**

75 Ten dereito a ser afiliado/a toda persoa que así o desexe e que se comprometa a respectar as
76 normas e principios de funcionamento e actuación democraticamente adoptados pola
77 organización. A afiliación e integración é de carácter exclusivamente individual.

78 O órgano competente para aceptar unha petición de alta na organización é a Asemblea de local
79 correspondente. Un acordo rexeitando unha petición de alta deberá ser razoado. Alén diso poderá
80 ser recorrido diante da Coordinadora Nacional.

81 As persoas afiliadas integraranse na asemblea local correspondente á súa residencia, de non
82 existir esta integraríanse para participar na local máis próxima.

83 De prever unha residencia de máis de 6 meses noutra localidade poderase solicitar o traslado de
84 pertenza á nova de destino como membro de pleno dereito, perdendo temporalmente xa que logo
85 os mesmos na de orixe.

86 Aquelas solicitudes de alta de residentes en localidades sen asemblea constituída tramitaranse
87 por Organización perante a Permanente da Coordinadora Nacional, que asignará a súa xestión á
88 asemblea local máis próxima ou directamente á Coordinadora Nacional.

89

90

91

92 Artigo 2.-

93 Toda persoa afiliada terá dereito a:

- 94 1. Expresar libremente – sexa de xeito individual ou colectivo – as súas opinións dentro da
95 organización, e publicamente como persoa afiliada.
- 96 2. Elixir, ser elixida e formular propostas de revogación nos distintos órganos, cos
97 procedementos contemplados nestes Estatutos.
- 98 3. Participar e votar en todas e cantas situacións afecten á vida organizativa segundo os
99 mecanismos establecidos nos presentes Estatutos.
- 100 4. Utilizar o material, locais e demais servizos que se poidan crear e ofrecer para os fins e
101 actividades propias da Organización.
- 102 5. Recibir, en caso necesario, defensa, asesoría e apoio solidario en toda situación
103 problemática que se derive ou relacione coa súa pertenza e actividade a prol ou en nome
104 da organización.
- 105 6. Participar na proposta, planificación, elaboración, control e execución das distintas
106 actividades que se realicen.
- 107 7. Recibir información detallada sobre todos os aspectos da vida e xestión da organización.
- 108 8. Discrepar publicamente dos acordos maioritarios.
- 109 9. Impugnar os acordos que estime contrarios aos principios ético- políticos, organizativos e
110 estatutarios da organización.
- 111 10. Acceder ás actas da organización e ao censo de persoas afiliadas e simpatizantes nas
112 condicións que se detallen no regulamento interno do Banco de Actas e do Censo
113 respectivamente

114

115 Artigo 3.-

116 As persoas afiliadas teñen o deber de:

- 117 1. Observar os presentes Estatutos e actuar conforme aos principios organizativos e políticos
118 democraticamente adoptados.
- 119 2. Cotizar a cota establecida e velar polo mantemento e conservación dos bens da
120 organización.
- 121 3. Colaborar activamente no cumprimento dos principios e obxectivos da organización,
122 asistindo ás xuntanzas e actividades da mesma.
- 123 4. Cumprir os acordos lexitimamente adoptados pola organización. Na Acción Institucional os
124 acordos serán vencellantes. Na Acción Social, serán só orientacións. Os membros da
125 organización terán autonomía para modular os acordos adaptándoos á realidade dos
126 movementos sociais nos que interveñan.
- 127 5. Todos o órganos – e os afiliados e afiliadas en canto tais – empregarán exclusivamente a
128 lingua galega agás para aquelas actividades e comunicados a desenvolver fóra do país.
129 Dos medios de comunicación galegos esixirán que se publique no noso idioma – conforme
130 á manifestación orixinal – a transcripción das súas palabras, a fin de garantir o dereito á
131 propia imaxe. Así mesmo, na súa vida cotiá, afiliadas e afiliados deberán facer o maior
132 esforzo pola normalización do uso da lingua galega.

133

134

135

136 **Artigo 3-bis.-**137 **Sobre a comunicación interna**

138

139 1. Para dar cumprimento ao exercicio pleno dos dereitos da afiliación habilitaranse sistemas
140 de comunicación para o intercambio entre afiliados e afiliadas.141 2. Habilitaranse foros de debate e un desenvolvemento eficaz da comunicación externa por
142 medio das redes.

143

144 **Artigo 4.-**

145 A condición de afiliada ou afiliado pérdese

146 1. Por expresa vontade de quen así o desexe, manifestada por escrito.

147 2. Por falta inxustificada no pagamento das cotas durante tres períodos de cotización, previo
148 apercibimento por escrito cun mínimo de quince días de antelación.149 3. Pola inobservancia dos presentes Estatutos ou dos acordos democraticamente adoptados.
150 Neste último caso, deberá mediar sempre o correspondente proceso contradictorio coas
151 medidas de cautela establecidas nos Principios Ético-Políticos.

152

153 **Artigo 4-bis.-**

154 Sobre a figura do simpatizante.

155

156 1. Dado o carácter aberto de moitas actividades de ANOVA implicará a participación de
157 persoas simpatizantes, garantíndose que as proposta da organización sexan reflexo do
158 sentir social, e favorecerá os procesos de incorporación de novas persoas que desexen
159 dar o paso e integrarse na organización con plenos dereitos e deberes.160 2. Terán posibilidade de participar sen voto en todo aquilo que non estea reservado á
161 afiliación nas condicións que se establezan para cada convocatoria.162 3. Cada ámbito organizativo terá o seu censo de simpatizantes, para os que se desenvolverá
163 esta figura_respectando o disposto nos apartados anteriores, para comunicarse con el.
164 Todos eles integrarán o censo nacional de simpatizantes.

165

166 **2. ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL**

167

168 **Artigo 5.-**169 O noso ámbito territorial é a nación galega, sen renuncia a participar e intervir en todo aqueloutra
170 instancia política e administrativa en que poidan estar en xogo, nun momento dado, os intereses
171 de Galiza como pobo.

172

173 **Artigo 6.-**

174 ANOVA organízase territorialmente en tres grandes ámbitos: local, nacional e a diáspora.

175 1. Por local enténdese aquelas asembleas de base de ámbito municipal. As agrupacións
176 menores, parroquial ou de barrio, co carácter de grupo de traballo serán criadas pola
177 Asemblea Local correspondente.178 2. Cada asemblea é autónoma para regular a súa xestión e funcionamento,
179 independentemente, salvo o previsto nesta regulamentación dos estatutos xa sexan
180 orientativas ou vinculantes.

- 181 3. As asembleas nomearán unha Coordinadora Local que como mínimo de entre os seus
182 membros designará unha persoa para exercer de Portavoz e outra para Coordinación.
- 183 4. Poderase criar unha Permanente Local cando o desenvolvemento organizativo dunha
184 Asemblea Local así o aconselle. Será a comisión encargada de realizar o traballo de
185 intendencia da asemblea local.
- 186 5. As asembleas locais poderán conxuntamente convocar puntualmente á militancia do
187 ámbito comarcal para cuestións e consultas que afecten a ese ámbito. Será posíbel,
188 asemade, establecer grupos de traballo comarcais para cuestións concretas, con
189 capacidade só propositiva.
- 190 6. Para a coordinación desas cuestións poderase establecer unha Comisión de Coordinación
191 Comarcal integrado por persoas designadas a tal efecto por cada asemblea constituída.

192

193

194 **Artigo 7.-**

195 A asemblea nacional é o máximo órgano e está formada pola totalidade das persoas afiliadas.
196 Entre os seus fins está definir a liña política e as actividades da organización no seu ámbito e
197 reunirse ordinariamente cada dous anos. “Con carácter extraordinario reunirse por petición dun
198 35% da coordinadora, dun 35% das asembleas comarcais ou dun 35% da afiliación”.

199 As decisións no seu seo tenderán a tomarse por consenso, mais, de non ser posíbel, tomaranse
200 por maioría das persoas presentes, agás para aquelas cuestións que requiran maioría
201 cualificadas.

202 Poderán **asistir ás asembleas nacionais persoas colaboradoras e simpatizantes** con voz pero
203 sen voto do xeito que se regule para cada convocatoria.

204

205 **Artigo 8.-**

206 Coordinadora Nacional. Como órgano colexiado con funcións de dirección política no período
207 inter-asebleario elixírase unha Coordinadora Nacional integrada por persoas elixidas
208 directamente na Asemblea Nacional en número de entre 50 e 75. Para as funcións técnico
209 executivas a Coordinadora Nacional poderá comisionar de entre os seus membros e para tarefas
210 concretas a persoas que colexiadamente funcionarán a xeito de comisión permanente sen máis
211 competencias que as que lle delegue a Coordinadora Nacional diante da que en todo caso
212 responderán. De producirse, esta elección será comunicada a todos e todas os afiliados/as da
213 organización.

214 1. A Coordinadora Nacional dotarase dun regulamento mínimo que garanta o seu bo
215 funcionamento metodolóxico e a axilidade na toma de decisións.

216 2. De xeito periódico, a Coordinadora Nacional convocará xuntanzas de exclusivo carácter
217 político, que axuden a definir as liñas estratéxicas de Anova IN en determinadas cuestións.
218 Os resultados destas Coordinadoras Políticas serán socializados coas asembleas de base
219 co obxectivo de tomar decisións colectivas.

220 3. Cando pola temática a tratar sexa necesario contar coa presenza de persoas dunha
221 asemblea local concreta ou de persoas que teñan representación política nun ámbito de
222 interese, poderán ser convocados con voz e sen voto á CN.

223

224

225 **Artigo 9.-**

226 As Coordinadoras son o órgano coordinador e executor dos acordos do seu respectivo nivel
227 asemblear. A súa asemblea de referencia decidirá o número de persoas que a compoñen e os
228 seus cometidos concretos.

229

230 **Artigo 9-bis.-**231 **Das conferencias**

232 A Coordinadora Nacional convocará Conferencias Políticas que poderán ser abertas, xa sexan
 233 presenciais ou telemáticas, monográficas, sectoriais ou multidimensionais, co fin de fomentar o
 234 debate sociopolítico e axudar a definir as súas estratexias nos diferentes eidos.

235

236 **Artigo 10.-**

237 Dentro da organización, en todos e cada un dos niveis, poderán constituírse todas as roldas ou
 238 grupos de traballo que se considere oportuno con finalidades puntuais e concretas, por un período
 239 determinado, ou con vocación de permanencia, como ferramentas de xestión do coñecemento
 240 para o deseño das liñas mestras da acción social e institucional de ANOVA.

241 Desenvolveranse baixo os mesmos principios que presiden o conxunto da organización, tendo
 242 carácter deliberativo e propositivo. Como norma xeral os grupos de traballo serán abertos nas
 243 condicións que se estableza para cada caso.

244 Dotaranse dun regulamento de funcionamento, no que se establecerán o seu carácter, e que
 245 deberá ser aprobado pola Coordinadora Local ou Nacional segundo o seu ámbito de
 246 funcionamento.

247 Con vocación de permanencia establécense os seguintes Grupos de Traballo entre outros:

- 248 • Mocidade
- 249 • Saúde Pública e Sanidade
- 250 • Educación
- 251 • Igualdade e benestar
- 252 • Acción Feminista
- 253 • Vivenda, Urbanismo e Infraestruturas
- 254 • Lingua
- 255 • Cultura e Patrimonio
- 256 • Movementos Sociais e Participación Cidadá
- 257 • Economía Sostible e Medio ambiente

258

259

260 **Artigo 10-bis.-**261 **Das Actas**

262 Todos os órganos que conforman a estrutura de ANOVA nos seus diversos ámbitos de actuación,
 263 redactarán as correspondentes actas que custodiarán, entregando copia delas á organización
 264 nacional para recollelas nun “Banco de Actas” que estarán a disposición do conxunto da afiliación
 265 coa discreción que requiran segundo sexa o contido da mesma.

266

267 **Artigo 10- tris .-**

268 Anova evitará, na medida do posíbel, crear sedes da organización no sentido clásico evitando a
 269 hipertrofia de infraestruturas. As sedes de ANOVA tenderán a constituírse coma centros sociais
 270 que axuden a dinamizar a sociedade, dean cobertura a movementos sociais, teñan dinámicas
 271 socioculturais propias e como consecuencia socialicen parte dos recursos da organización.

272

273

274

275

12

276 3. SISTEMA DE ELECCIÓN DE RESPONSABILIDADES A TODOS OS NIVEIS

277

278 Artigo 11.-

279 A elección de toda caste de representantes dentro da organización será, de non existir
280 asentimento, aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou
281 mediante listas abertas. Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal ten
282 dereito a apresentar a súa candidatura e a participar nas votacións.

283 A escolla do sistema de elección determinarase regulamentariamente para cada caso dentro dos
284 previstos nos estatutos.

285

286 Artigo 12.- (Suprimise todo o artigo)

287

288 Artigo 13.-

289 Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da
290 organización, sexa no nivel que for, poderán ser obxecto de revogación dentro dos propios
291 órganos facultados para elixila mantendo os acordos estatutarios sobre paridade estatutaria.

292 Para que se proceda á revogación será preciso un quórum de 2/3 en todos os casos. Para votar
293 unha proposta de revogación será preciso que esta estea incluída na orde do día da convocatoria
294 do órgano ou asemblea correspondente e que exista informe por escrito en que se substancien as
295 razóns da proposta de revogación. Para que a revogación sexa efectiva será preciso que esta
296 sexa aprobada pola maioría das persoas asistentes ou por un número igual á metade máis unha
297 das persoas de pleno dereito da asemblea correspondente.

298 Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da
299 organización, estará sometido á limitación temporal do seu posto de responsabilidade, tanto no
300 nivel organizativo interno como representativo.

301 1. Todos os cargo institucionais teñen unha limitación de dous mandatos ou lexislaturas, para
302 o resto dos cargos unha duración similar. De concorrer circunstancias excepcionais que
303 aconsellen a súa prórroga requiriríase un acordo reforzado de $\frac{3}{4}$.

304 2. A contratación de persoal técnico farase pola Coordinadora Nacional baixo perfil e con
305 probas selectivas publicitadas no seo de ANOVA e garantindo os principios de publicidade,
306 transparencia, igualdade de oportunidades e desemboquen na escolla dos mellores perfís
307 técnico-políticos para o desempeño das funcións requiridas. .

308

309

310 Artigo 13-bis.-

311 Da elección das persoas liberadas. Realizarase no seo da Coordinadora Nacional e serán
312 nomeadas por consenso. De non ser posible realizarase unha votación na que será necesaria
313 maioría absoluta, e no caso de non acadarse dita maioría realizarase unha segunda volta na que
314 será suficiente maioría simple. No caso da concorrencia de máis dunha persoa candidata a un
315 mesmo posto, este será asignado á candidatura que acade o cincuenta por cento dos votos dos
316 presentes. No caso de non acadar esta porcentaxe procederase a unha segunda volta entre as
317 dúas candidaturas máis votadas”.

318 As votacións serán secretas e cada membro da Coordinadora terá un voto.

319

320 Artigo 13-tris.-

321 Dos nosos cargos institucionais

- 322 1. Para ser escollido coma persoa candidata nun proceso electoral, non é preciso estar
 323 afiliada á organización, mais si o compromiso de cumprir cos nosos valores e principios
 324 ético políticos. Poderá presentarse calquera persoa que cumpra con estes requisitos e
 325 serán designadas polas asembleas do ámbito correspondente nacional ou local
- 326 2. Serán dereitos das persoas electas solicitar audiencia na Coordinadora correspondente ao
 327 ámbito xeográfico do seu posto institucional, así como ante a asemblea, para dar conta da
 328 súa actuación ou poder defender a súa integridade moral e ética.
- 329 3. Serán obrigas do cargo electo pola nosa organización aplicar o decidido dar conta ante a
 330 Coordinadora e/ou asemblea (se esta o estimase) das súas decisións e actividades
 331 institucionais, como mínimo unha vez por semestre de forma ordinaria, así como de forma
 332 extraordinaria cando a coordinadora e/ou a asemblea o estimen oportuno. Adicionalmente,
 333 de existir un grupo de acción institucional no ámbito territorial correspondente, será obriga
 334 do cargo coordinar o seu traballo institucional coas persoas que formen parte dese grupo.

335

336 1. DA COMISIÓN ÉTICA E DE GARANTÍAS

337 **Artigo 14.-**

338

339 Terá as funcións que se lle atribúen nos Principios Ético-Políticos, velar polos dereitos das
 340 persoas afiliadas e as de atender calquera reclamación das persoas ou instancias da organización
 341 que afecten a aspectos internos da mesma e deberá dar resposta ás mesmas nun prazo máximo
 342 de 4 meses. Nese sentido, deberá garantir que as decisións orgánicas estean na liña marcada
 343 pola Asemblea Nacional e os Estatutos e deixar constancia das anormalidades que detecte ou das
 344 que reciba denuncia.

345 A Comisión de Garantías será elixida pola Asemblea Nacional e renovada na seguinte. As súas
 346 decisións adoptaranse pola maioría dos seus membros. Estará composta por 7 persoas e 7
 347 suplentes, respectando o acordado para a paridade, estas persoas non poderán formar parte de
 348 ningún outro órgano da organización. Esta comisión poderá solicitar, se é o caso, o asesoramento
 349 xurídico oportuno. As súas resolucións serán de obrigado cumprimento e acatamento polas partes
 350 afectadas, aínda que recorríbeis, en derradeira instancia, perante a seguinte Asemblea Nacional.

351

352 **Disposición Adicional Primeira: Carta financeira**

353 Toda a vida económica da ANOVA rexerese por una carta financeira que deberá ser aprobada en
 354 Asemblea Nacional.

355

356

357 **Disposición adicional primeira bis: Regulamento da Coordinadora Nacional**

358

359 A Coordinadora Nacional dotarase dun regulamento mínimo nun período máximo dun mes desde
 360 a elección desta, que garanta o seu bo funcionamento e a axilidade na toma de decisión. Regulará
 361 aspectos básicos como:

- 362 1. Réxime das convocatorias e conformación da orde do día das xuntanzas, garantindo a
 363 posibilidade das asembleas de base de introducir puntos nela.
- 364 2. Mecanismos de información e transmisión de acordos da CN
- 365 3. Sistemas de consulta a militancia das decisións estratéxicas e de gran calado
- 366 4. Réxime das comisións delegadas da CN, que en todo caso terán que se constituir por
 367 mandato expreso e con delimitación das súas funcións
- 368 5. Métodos de articulación dos debates e da toma de acordos
- 369 6. A figura do moderador, competencias e deberes.
- 370 7. Metodoloxía das actas.

371

372 En caso de ter un regulamento herdado da anterior Coordinadora Nacional, a entrante deberá
 373 refrendalo ou non, podendo facer as modificacións que considere pertinentes sempre dacordo co
 374 establecido nos acordos asembleares ao respecto.

16

375 Os cambios no regulamento faranse por consenso, de non ser este posíbel requerirase unha
376 maioría cualificada de 2/3.

377

378

379 **Disposición adicional segunda**

380 Para todo o que non fiqu regulamentado no seu nivel territorial será subsidiario o nacional.

381

382 **Disposición adicional terceira**

383 Naqueles lugares onde a falta de militancia faga imposible o cumprimento do disposto nestes
384 estatutos artellarase algún sistema de organización o máis próximo posible ó recollido no
385 conxunto destes artigos.

386

387 **Disposición adicional cuarta**

388 O Grupo de Traballo de Mocidade de Anova – Irmandade Nacionalista poderá dotarse dunha
389 mínima organización baseada nas figuras de comisionado/a, coordinador/a e responsables das
390 diferentes comisións temáticas.

391

392 **Disposición adicional quinta**

393 As asembleas para dotárense do seu regulamento terán en conta para o seu debate a maiores do
394 articulado destes estatutos este texto aportado.

395

396 Dentro da autonomía de cada asemblea local para regular a súa xestión e funcionamento, estas
397 deberán dotarse das seguintes cuestións de mínima harmonización:

398

399 As asembleas locais poderán ser de carácter ordinario, extraordinario ou extraordinario de
400 urxencia. As ordes do día serán abertas e consensuadas ó inicio de cada xuntanza agás no caso
401 dunha asemblea de carácter extraordinario de urxencia, nas que so se tratarán os puntos
402 previamente fixados. Tenderase a respectar un tempo máximo, previamente marcado, para tratar
403 cada punto da orde do día. Será obrigatorio a toma dunha acta da xuntanza. Poderán asistir ás
404 asembleas locais persoas colaboradoras e simpatizantes, con voz pero sen voto, do xeito que se
405 regule por cada convocatoria. Todas estas cuestións serán recollidas nos Regulamentos de
406 Réxime Interno por cada asemblea local.

407 Cada asemblea local contará cunha coordinadora composta como mínimo por unha área ou
408 responsable de organización, unha área ou responsable de comunicación, unha área ou
409 responsable de finanzas, unha área ou responsable de acción institucional e unha área ou
410 responsable de acción social.

411 Explicación: Trátase de darlle unha coherencia organizativa mínima ó ámbito local. Mantense a
412 capacidade de cada asemblea local de autoxestionarse e organizarse, co que se garante a
413 necesaria flexibilidade para que non exista un exceso de burocratización organizativa que motive
414 á militancia e ós simpatizantes a fuxir das asembleas e do partido.

415 Coa diferenciación entre os tres tipos de convocatoria das asembleas locais, so se está a
416 reflectir a realidade legal no ámbito municipal. Está pensado para aqueles concellos nos que
417 existe representación institucional de Anova – Irmandade Nacionalista. Vivimos nesta realidade
418 político – xurídica. Se ben é certo que a queremos trascender, tamén o é que se debe facer cun
419 pe dentro das institucións e outro fora, contando cos movementos sociais. Para un eficaz e
420 eficiente traballo dentro das institucións, é preciso acomodar determinados aspectos
421 organizativos á lóxica e ós prazos legalmente establecidos.

422

423

424

425 Galiza, 11 de maio de 2013